

Actividades para os primeiros días da corentena.  
Espero que vos resulten amenas e interesantes.

Imos comezar traballando aspectos sobre a lingua galega oral e farémolo a través dun vídeo. Trátase dun fragmento do primeiro episodio do programa *Historias de Galicia*, que aínda que xa ten varios anos, segue resultando unha ferramenta útil para varios aspectos. Neste caso, servirá para os seguintes obxectivos:



- repasar algúns exemplos de pronuncia de abertas e pechadas
- comentar varias características prosódicas do galego
- facer actividades de comprensión dun texto oral
- identificar o tema dun discurso oral
- deducir o significado de palabras e expresións
- contar cun exemplo de lingua oral (polo ritmo, a entoación e a prosodia) para que en sesións posteriores o alumnado rexistre a súa voz

Dividín o vídeo para que puiderades saber a que fragmentos corresponden as preguntas de comprensión, así seramos máis fácil buscar a parte que vos interese.

Recomendación: para non ter que imprimir, podedes poñer as actividades no ordenador e ver o vídeo no teléfono, así podedes ir respondendo no caderno.

Lembrede: as actividades son sobre o que aparece no vídeo ata o minuto 6.30. Se queredes velo todo é interesante, pero xa por gusto. ;-)

Ligazón ao vídeo:

[http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-1-onde-o-mundo-se-chama-galicia](http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/capitulo-1-<u>onde-o-mundo-se-chama-galicia</u>)

## Onde o mundo se chama Galicia

Sobre o primeiro corte do vídeo, do principio ao minuto 1.14:

- **Como pronuncia o narrador a vogal tónica media das seguintes palabras? A/P**

Preto      monte      aldea      historia      macroubanización

- **De que trata o vídeo? Elixo unha opción.**

- Dos campos de golf nas aldeas do futuro.
- Do cambio que se produciu entre os asentamentos de hai 2000 anos e as urbanizacións actuais.
- De como Galicia xurdiu como país.

Sobre o seguinte corte do vídeo, ata o minuto 3,59:

- **Como pronuncia o narrador a vogal tónica media das seguintes palabras? A/P**

norte      home      pobo.      exército      vén  
véspera      outeiro      sempre      pedra

- **Cal era a maior preocupación do guerreiro galaico da historia?**
- **Por que o castro estaba próximo ás terras fértiles?**
- **A que material escuro, co que se facían armas e ferramentas se refire o narrador? Arrodea.**  
                         Ouro                           Prata                           Ferro
- **Cita algunha vantaxe das vivendas do poboado.**
- **Por que viñeron os romanos ao noso territorio?**
- **Que lugar aínda ten un topónimo que fai referencia a que aquí estaba “a fin do mundo ou da terra”?**

Sobre o seguinte corte do vídeo, ata o minuto 6.30:

**Agora imos fixarnos, sobre todo, no xeito de falar do narrador:**

- Como é a velocidade
- Como é a entoación
- Como se combinan diferentes voces para os personaxes

Agora imos repasar un tipo de texto xornalístico, a noticia.

Lede a teoría e o texto e responde de as preguntas.

# A noticia

A noticia é o relato obxectivo duns feitos de actualidade que se consideran de interese xeral.

Nun xornal, as noticias aparecen organizadas en seccións, que adoitan corresponderse cun ámbito -local, comarcal, nacional, internacional- ou cun tema -cultura, deporte, política, economía, sociedade...

A noticia debe proporcionar unha información completa que responda as **preguntas fundamentais: que, quen, onde, cando, como e por que.**

A maior parte das noticias responden estas interrogantes, pero tamén é certo que, segundo o feito que se narre, algunha das preguntas pode quedar sen resposta. En cambio, outras noticias ofrecen datos que responden cuestións diferentes das seis anteriores, como **Para que? ou Canto?**

## Estrutura da noticia

Nunha noticia distínguense tres partes fundamentais: titular, entrada e corpo.

- ▶ O **titular** presenta a información básica dun xeito moi breve. Debe ser atractivo, para espertar o interese do receptor.
- ▶ A **entrada** contén un resumo dos datos fundamentais da noticia.
- ▶ O **corpo** é a parte en que se desenvolve a información, achegando detalles e prestándolles atención aos aspectos secundarios. A información adoita presentarse en orde decrecente: do máis importante ao menos relevante.

## Características lingüísticas da noticia

Uso da 3. <sup>a</sup> persoa para marcar a obxectividade.	<i>A plataforma de Catasós denuncia que o proxecto [...].</i>
Vocabulario preciso para dar conta exacta do ocorrido.	<i>[...] maior taxa de crecemento anual [...]. / [...] catalogado e intocable [...].</i>
Uso de tempos verbais de pretérito para narrar feitos do pasado. No titular, en cambio, adoita utilizarse un verbo en presente que actualiza a información achegándolla ao lector.	<i>A compañía comprometeuse, xunto co alcalde, a buscar alternativas [...]. / Onte, como xa fixeran hai un mes, marcharon baixo os seus castiñeiros [...].</i>

# Caricias en braille na catedral

**Un grupo de discapacitados visuais coñecen o templo de Tui a través dun itinerario adaptado ás súas necesidades**

Judit Bernárdez | Tui 08.08.2018 | 01:38

A catedral de Tui pódese tocar, cheirar e escoitar. Así o comprobaron un grupo de discapacitados visuais que participaron en "Caricias en braille", unha actividade impulsada polo festival multidisciplinar "Música non Claustro" que se celebra no templo tudense ata o vindeiro venres.

A catedral de Tui colgaba o luns pola tarde o cartel de obrigatorio "tocar" para facer chegar o patrimonio artístico do templo a persoas con discapacidade visual. Facíao grazas á actividade "Caricias en braille", iniciativa de Música "no claustro", festival multidisciplinar que se celebra na catedral ata o vindeiro venres, 10 de agosto.



Os participantes, un grupo de 36 asociados do ONCE, percorreron a catedral de Tui nun itinerario adaptado ás súas necesidades. Á marxe da vista, o resto dos sentidos xogaron un papel moi importante. A través do tacto palparon os diferentes materiais que dan forma ao templo; co olfacto identificaron os diferentes cheiros que se refuxian na catedral, como o do incenso ou o das flores e co oído puideron escoitar, da man do sacerdote e pianista Daniel Goberna, as melodías que emanan do órgano barroco do século XVIII, unha das xoias que esconde o santuario.

Despois de subir polos oito chanzos que une a praza de San Fernando co pórtico, os participantes comezaron dita experiencia sensorial a través da cal puideron palpar as diferentes obras do legado artístico da catedral e descubrir a través do tacto os diferentes materiais e texturas da escultura. "Cando visitas un museo case hai máis carteis de non tocar que cadros; aquí a condición que nos puxeron foi que tiñamos que tocar", explicou Eloy Hermelo, subdirector do ONCE en Vigo .

Con esta actividade "Música non Claustro" mostra o seu lado máis comprometido con este colectivo. Pero esta non é a única proposta desta décimo terceira edición do festival. Aínda quedan tres novas xornadas para gozar da programación do devandito evento.

### **A. Preguntas sobre a forma da noticia**

- ▶ Identifica na noticia as súas partes principais: titular, entrada e corpo.
- ▶ Que particularidade atopamos neste caso?
- ▶ En que sección do xornal se incluíría esta noticia?
- ▶ Elabora un pé de foto para a imaxe que acompaña a noticia.

### **B. Preguntas de comprensión**

- ▶ De que feito informa a noticia?
- ▶ A quen afectou?
- ▶ Cando sucedeu?
- ▶ Onde tivo lugar?
- ▶ Como sucedeu?
- ▶ Por que sucedeu?

### **C. Reflexionamos a partir do contido do texto.**

Como cres que a sociedade trata as persoas con discapacidade?

Pensas que na realidade se fai tanto como se predica no discurso politicamente correcto?

Redacta un breve texto no que ordenes as túas reflexións; utiliza exemplos concretos e xustifica en cada caso a túa opinión.

Por último, unhas actividades de ortografía. Servirán para repasar a acentuación e o uso de v/b.



Fai os cambios de número de cada palabra e indica se a nova forma é aguda (a), grave (g) ou esdrúxula (e). Ponlles acento gráfico cando corresponda.

<u>Singular</u>		<u>Plural</u>		<u>Singular</u>		<u>Plural</u>
cóctel (g)	-	..... (..)		..... (..)	-	chineses (g)
monitor (a)	-	..... (..)		espécime (e)	-	..... (..)
..... (..)	-	caníbales (e)		..... (..)	-	infantís (a)
mandril (a)	-	..... (..)		carácter (g)	-	..... (..)
..... (..)	-	cámaras (e)		avestruz (a)	-	..... (..)



Pon os acentos gráficos que faltan nestas oracións.

- Coñecin o teu avo cando eu era arbitro de balonman.
- Maña comeza o setimo congreso sobre avances tecnolóxicos na industria textil.
- O capitán do equipo húngaro retirase hoxe do fútbol.
- De supeto, avaríouse a hélice do helicóptero no que viaxaba o consul xapones.
- Os ladrons daquel automóbil están xa no cárcere.
- O cráter daquel volcán tiña cando menos dous quilómetros de diámetro.
- Un astrónomo chinés acaba de descubrir un novo satélite de Xúpiter.
- Simón foi ao médico porque se sente débil e ten dores no tórax.



Substitúe a palabra destacada por outra sinónima. Ten en conta que esta nova palabra pode levar ou non acento diacrítico.

- O tenista protestou porque, segundo el, a súa **pelota** (→ ..... ) entrou.
- Estamos a agardar polo tren que **procede** (→ ..... ) de Lugo.
- Non te entreteñas tanto, que teño **apuro** (→ ..... ). Se non saio xa, perderei o autobús.
- Eu convidei a Uxía á festa, **pero** (→ ..... ) ela non quixo vir.
- Enriba daquela **rama** (→ ..... ) do castiñeiro hai un niño de reiseñor.
- Cando **merque** (→ ..... ) o meu coche novo irei de viaxe máis a miúdo.
- A nosa **egua** (→ ..... ) pariu onte un poldro precioso.
- Meu avó é mariñeiro e sabe facer máis de vinte **ataduras** (→ ..... ) diferentes.



Substitúe as consoantes destacadas por «b» ou por «v» e forma outras palabras.

orella → .....	<b>miúdo</b> → .....	<b>cerrar</b> → .....
alga → .....	<b>cazar</b> → .....	<b>ciscar</b> → .....
salgada → .....	<b>tépedo</b> → .....	<b>saleiro</b> → .....
<b>diñeiro</b> → .....	<b>rumor</b> → .....	<b>susto</b> → .....
alpino → .....	<b>afondar</b> → .....	<b>calor</b> → .....
afogar → .....	<b>afinar</b> → .....	<b>sentido</b> → .....
zoo → .....	<b>demorar</b> → .....	<b>outear</b> → .....

—Crea oracións combinando algunhas das palabras con «b» e con «v» que formaches.